

FACER DEDO

Texto e ilustracións de **GUILHERME KARSTEN**

Tradución de **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 27,5 x 25,5 cm. 36 páx. 16,50 €

MENCIÓN HONORÍFICA NO PREMIO INTERNACIONAL SERPA DE ÁLBUM ILUSTRADO (Portugal, 2017)

PREMIO GOLDEN PLAQUE STATUE (Eslovaquia, 2019)

Facer dedo (galego)

ISBN 978-84-1343-077-5. Demademora.

Hacer dedo (castelán)

ISBN 978-84-1343-078-2. Obras de autor.

Autoestop (català)

ISBN 978-84-18558-16-0. Obres d'autor.

Auto-stopean (euskara)


ISBN 978-84-9172-224-3. Egile-lanak.

Nun día de verán,
vai de viaxe o surfista.
A máquina xa está lista,
con táboa e pouca equipaxe,
para ir ata a praia prevista.
Alá vai o surfista entusiasmado!

«Facer dedo» é unha historia disparatada, unha aventura chea de humor e situacións hilarantes que transcorre a bordo dun automóbil ao que se van incorporando peculiares pasaxeiros. Un texto rimado presenta a un surfista que se prepara para ir á praia coa súa táboa. A medida que avanza no seu traxecto pola cidade vai recollendo (ou non) a diversos personaxes, cada cal máis insólito: un mergullador, un super heroe, un caimán... e mesmo coñecidos protagonistas de conto saen ao seu encontro.

Cada novo compañeiro de viaxe non só achega o seu propio macuto, senón tamén unha cualidade característica, que se suma ao carrusel de emocións que vai experimentando o paciente condutor a medida que o seu vehículo se enche dos ocupantes e dos obxectos máis inesperados. O resultado deste libro de Guilherme Karsten é un relato acumulativo, con moito ritmo e sonoridade, e cun esquema circular que culmina nun final sorprendente e aberto.

A proposta gráfica, que transcorre de forma liñal, destaca polo colorido das escenas e polos contrastes cromáticos no marco dunha estética urbana, alegre e desenfadada.



■ **Temática:** unha viaxe compartida con personaxes diversos que fan autostop.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** texto rimado, estrutura acumulativa; humor, aventura, emocións; colorido, estética urbana.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/facer-dedo-g>

Guilherme Karsten

(Brasil, 1982)

Estudou Publicidade e Deseño Gráfico. É autor e ilustrador de libros para público infantil. A súa obra publicouse en Latinoamérica, Europa e Asia. Dende 2010 recibiu varios recoñecementos: Selo Cátedra 20 Unesco (Brasil), mención no concurso Planeta Tangerina (Portugal), finalista nos premios Jabuti (Brasil) e Nami Island (Corea), seleccionado na Bial de Ilustración de Bratislava (Eslovaquia) e gañador internacional do certame Golden Pinwheel (China). Tamén participou en proxectos de animación e deseño de moda.

<http://www.guilhermekarsten.com>

